

D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ GARCÍA, en calidade de SECRETARIO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN da entidade mercantil INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A., con C.I.F. A-15683477, e inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña baixo a folla SC-21.392, tomo 2.180, folio 201 do Arquivo, Sección Xeral, inscrición 1ª,

CERTIFICA, aos efectos do depósito dixital das contas anuais do exercicio 2024 con pegada dixital:

j02xWVJNIOY9bbuDUfAc8ps3JsXZaewOdmr1an2UbVI =

1.- Que ás nove horas e corenta minutos do día 3 de xuño do ano dous mil vinte e cinco reuniuse, no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, o socio único e constituíuse a Xunta Xeral Ordinaria da sociedade municipal INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. Unipersonal con carácter de UNIVERSAL.

2.- Que tras declararse validamente constituída, preside a Xunta DONA GORETTI SANMARTÍN REI, e actúa como Secretario D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ GARCÍA, coa seguinte orde do día:

PUNTO 1: Aprobación das contas anuais e distribución de resultados relativos ao exercicio 2024.

PUNTO 2: Redacción, lectura e aprobación, se procede, da Acta da Xunta Xeral Ordinaria e designación dos membros da Asemblea que asinarán a acta por delegación.

3.- Que na Acta figura o nome de todos os asistentes que por unanimidade a aproban. A Acta foi asinada, por delegación dos presentes, polos seguintes membros da Asemblea: Dona Míriam Louzao Fernández, Don Gumersindo Guinarte Cabada, Don Xan Duro Fernández, Don Borja Vereza Fraiz, Dona Marta Álvarez Vázquez, Dona María Milagros Castro Sánchez, Don Gonzalo Muíños Sánchez e Dona Mercedes Rosón Ferreiro ademais de pola Presidenta, Dona Goretti Sanmartín Rei e o Secretario.

4.- Que tras presentarse as CONTAS ANUAIS correspondentes ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2024, formuladas polo Consello de Administración en data 31 de marzo de 2025, xunto co Informe de Auditoría, o socio único adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2024, pechado a 31 de decembro de 2024, que se compoñen do Balance, a Conta de Perdas e Ganancias, o Estado de Cambios do Patrimonio Neto e a Memoria, que foron formuladas polo Consello de Administración da sociedade con data 31 de

marzo de 2025, seguindo o seu modelo abreviado.

As Contas Anuais aprobadas uníronse á acta da sesión formando parte integrante da mesma.

SEGUNDO: Aprobar a distribución dos resultados do ano 2024 nos seguintes termos:

BASE DE REPARTO	2024
Saldo da Conta de Perdas e Ganancias	(47.967,56)
TOTAL BASE REPARTO=TOTAL APLICACIÓN	(47.967,56)
APLICACIÓN A	2024
Reservas voluntarias	(47.967,56)
TOTAL APLICACIÓN=TOTAL BASE DE REPARTO	(47.967,56)

TERCEIRO: Aprobar a acta da sesión e delegar a sinatura de cada un dos membros da Xunta Xeral nos seguintes membros da mesma: Dona Míriam Louzao Fernández, Don Gumersindo Guinarte Cabada, Don Xan Duro Fernández, Don Borja Vereas Fraiz, Dona Marta Álvarez Vázquez, Dona María Milagros Castro Sánchez, Don Gonzalo Muíños Sánchez e Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

IGUALMENTE CERTIFICA:

1 .- Que no Balance de Situación aprobado recóllese un importe total das partidas de activo de 1.561.348,37 euros e un importe total das partidas de Patrimonio Neto de 834.105,02 euros. A Conta de Perdas e Ganancias aprobada presenta un resultado despois de impostos para o exercicio 2024 de perdas por importe de -47.967,56 euros.

2.- Que a Sociedade pode formular as Contas Anuais de forma abreviada e non está obrigada a elaborar o Informe de Xestión nin o Estado de Fluxos de efectivo, de conformidade cos artigos 257, 258 e 262 do Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.

3.- Que de conformidade co establecido no artigo 366.1-2º do Regulamento do Rexistro Mercantil, faise mención expresa, baixo fe do certificante, que as Contas Anuais formuladas polo Consello de Administración foron asinadas por todos os seus membros.

4.- Que as Contas Anuais foron sometidas a auditoría obrigatoria de acordo co establecido na disposición adicional segunda do Real Decreto 2/2021, de 12 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 22/2015, de 20 de xullo, de Auditoría de Contas. Neste sentido, e mediante



acordo do Pleno da Corporación do Concello de Santiago, constituído en Xunta Xeral Universal de INCOLSA, de data 21 de decembro de 2022, nomeouse como auditor titular da sociedade para os exercicios 2022-2024 (ambos inclusive) á firma Norte Auditores y Asesores, S.L. de ROAC S1482. Con data 22 de abril de 2025, a devandita firma emite opinión favorable sen salvedades sobre as contas anuais correspondentes ao exercicio 2024. As contas anuais que se depositan correspóndense coas auditadas.

5.- Que a Sociedade non realizou operacións con accións propias durante o ano 2024.

En proba de conformidade, expido a presente certificación en Santiago de Compostela, na data consignada na sinatura electrónica, co visto e praxe da Presidenta do Consello de Administración.

Vº e praxe Presidenta

O Secretario

D.^a Goretti Sanmartín Rei

D. José Manuel González García

CERTIFICACIÓN DE LA HUELLA DIGITAL

H

SOCIEDAD:

INFORMACION E COMUNICACION LOCAL, S.A.

NIF:

A15683477

DOMICILIO SOCIAL:

PZ OBRADOIRO- PAZO DE RAXOI S/N

MUNICIPIO:

SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROVINCIA:

A CORUÑA

EJERCICIO:

2024

NOMBRE DE LAS PERSONAS QUE EXPIDEN LA CERTIFICACIÓN

JOSE MANUEL GONZALEZ GARCIA

FIRMAS:

LAS PERSONAS ARRIBA INDICADAS CERTIFICAN QUE EL DEPÓSITO DIGITAL GENERA LA HUELLA DIGITAL SIGUIENTE:

j02xWVJNIOY9bbuDUFac8ps3JsXZaewOdmr1an2UbVl=

